

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN FORMATIVO PARA O SECTOR COMERCIAL

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. xxxxxx, conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 67/2023, do 14 de xuño, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra, D. xxxxxx, co DNI xxxxx, na súa calidade de presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña nomeado para o dito cargo na sesión de Pleno da dita cámara o xxxxx.

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose lexitimidade e capacitación suficiente para a subscripción do presente convenio, en base ao cal,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Industria e Innovación, en adiante a consellería, segundo o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (transitoriamente en vigor de conformidade co establecido na disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia), é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Concretamente, o programa 751A que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas pola Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña para a posta en marcha dun plan formativo dirixido a contribuír á mellora da competitividade das pemes comerciais mediante a adopción de metodoloxías que permitan incorporar a innovación dun xeito sistemático na súa actividade habitual.

O sector do comercio é una parte esencial do noso sistema produtivo. Na actualidade, este sector está sometido a un profundo proceso de transformación vinculado ás novas tecnoloxías e á transformación dixital e sostible. Por isto, é preciso poñer en marcha unha serie de medidas para impulsar a formación nunha xestión integral que permita combinar a venda física coa venda en liña e a distancia para evitar unha perda de competitividade.

No orzamento de gastos para o exercicio 2023 inclúese a aplicación 05.04.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais". De conformidade co disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

SEGUNDO.- A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña, en adiante Cámara da Coruña, é unha corporación de dereito público e órgano consultivo e de colaboración da Administración autonómica. A cámara da Coruña goza de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das funcións que lle incumben na representación dos intereses xerais do comercio, así como a prestación de servizos ás empresas que exerzan a indicada actividade na súa demarcación territorial.

Entre as súas funcións público-administrativas está a de colaborar cos órganos da Xunta de Galicia na elaboración, desenvolvemento, execución e seguimento dos proxectos que se deseñen para o incremento da competitividade do comercio, propoñer medidas para o fomento destes, así como elaborar as enquisas de avaliación e estudos necesarios para iso.

Así mesmo, a Cámara da Coruña, ten entre outros obxectivos a realización de accións de formación que contribúan a promover a profesionalización do sector comercial. De feito conta cunha ampla experiencia na formación ás empresas, sendo un referente en materia de formación profesional e de pulo ao emprego para o fortalecemento e modernización das empresas.

TERCEIRO.- Neste senso, a posta en marcha de distintas accións de formación para a profesionalización da xestión comercial como eixos fundamentais de actuación, amósanse axeitadas para consolidar un sector comercial equilibrado, formado, competitivo e diversificado, así como potenciar o autoemprego e a creación de empresas comerciais perante a situación actual que vive este colectivo na que os avances tecnolóxicos e os cambios de tendencias de mercado exigen un esforzo en formación para incrementar a competitividade do sector actualizando e dotando de novas ferramentas e coñecementos.

Por iso, considérase que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e de acordo co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva porque as actuacións obxecto deste convenio realizaranse pola Cámara da Coruña que ten a representación dos intereses xerais do comercio na súa demarcación e desenvolve as actividades de formación no marco dun plan integral de formación deseñado e executado singularmente por ela mesma.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social, económico que xustifican, conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á Cámara da Coruña.

CUARTO.- Con carácter previo á sinatura deste convenio, a Cámara da Coruña acreditou a non concorrência doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

En consecuencia, e co obxectivo de determinar as liñas que rexerán nas actuacións, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e a Cámara da Coruña para a realización dun plan formativo para o comercio retalista, cun orzamento total para as anualidades 2023 e 2024 que ascende a trescentos mil setecentos noventa e oito euros e corenta céntimos (300.798,40 €), IVE engadido.

En execución do presente convenio realizaranse as seguintes actuacións, cos custos e contido que se recollen no anexo e de acordo coa seguinte desagregación:

ANUALIDADE	PILAR FORMATIVO	ORZAMENTO
2023	1. EMPRENDEMENTO E XESTIÓN COMERCIAL 2. TRANSFORMACIÓN DIXITAL 3. ACCIÓNS DE MARKETING, DIFUSIÓN E	154.449,40 €

	CAPTACIÓN ALUMNADO	
2024	1. ESTRATEXIA 2. PUNTO DE VENDA 3. SUSTENTABILIDADE	146.349,00 €
TOTAL		300.798,40 €

SEGUNDA.- A consellería comprométese a financiar o 100 % do investimento e achegará a cantidade de trescentos mil setecentos noventa e oito euros e corenta céntimos (300.798,40 €), IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais", con crédito adecuado e suficiente para financiar o presente convenio para o ano 2023. No proxecto de orzamentos para o ano 2024, incluírase a mesma aplicación orzamentaria e o mesmo proxecto en semellantes termos e, de conformidade co disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o crédito plurianual previsto no convenio terá a consideración de subvención directa, subordinando a execución do convenio na anualidade 2024 á consignación de crédito adecuado e suficiente na devandita aplicación.

TERCEIRA.- A Cámara da Coruña comprométese a asumir a organización e o desenvolvemento do programa formativo, que se desenvolverá integramente na modalidade de teleformación, achegará os recursos materiais e humanos necesarios para levar a cabo as actuacións sinaladas no plan formativo, responsabilizarse da execución dos servizos correspondentes ás actuacións previstas neste convenio e especificará a colaboración da consellería en toda a documentación que delas se deriven.

Así mesmo, a cámara será responsable de dar a máxima publicidade e difusión do programa formativo a través dos medios que considere máis axeitados.

Con carácter xeral e de acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro dos períodos comprendidos na cláusula novena para as anualidades 2023 e 2024.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados para a formación, incluíndo todos os custos indubidablemente vinculados a esta, tales como os gastos organizativos, os gastos de alugamento, as infraestruturas físicas ou telemáticas, os gastos de difusión e os gastos asociados ao

acompañamento e seguimento para a avaliación e acreditación da actividade formativa, así como os gastos que dela se deriven.

O conxunto dos gastos subvencionables non poderá superar a contía que para cada curso de formación, horas de formación e número de alumnos se establecen no anexo.

Entenderase por persoa formada toda aquela que visualice, como mínimo, o 75 % do total do contido do curso.

CUARTA.- Debido a que as actuacións obxecto do convenio van implicar que a cámara beneficiaria leve a cabo diversas contratacións externas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá admitir unha contratación separada das ditas actuacións, sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto. Esta previsión será comprobada polo órgano xestor no momento da xustificación de cada unha das actividades e gastos incorridos con carácter previo a efectuar os pagos a conta, sen prexuízo de aplicar o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subcontratación das actividades subvencionadas poderá alcanzar o 100 % e regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a entidade beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para ser poder adxudicador.

QUINTA.- A achega da consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

SEXTA.- O libramento da achega pola consellería levarase a cabo unha vez que a Cámara da Coruña achegue á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a xustificación da realización do plan formativo e dos obxectivos e fitos alcanzados, que incluírá a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas, os resultados obtidos e a análise do público obxectivo participante.

- b) Certificación da entidade beneficiaria das persoas participantes no plan formativo, con indicación respecto de cada curso e participante: nome e apelidos, DNI/NIE, localidade, no seu caso, nome do establecemento comercial e porcentaxe de permanencia na acción formativa.
- c) Relación certificada de gastos, acompañada da relación nominativa das facturas ou medios de xustificación equivalentes agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas.

As facturas e os documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento de acordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (40.000 euros no suposto de execución de obra ou 15.000 euros nos demais supostos), a Cámara da Coruña deberá achegar a documentación relativa á solicitude de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención; todo elo de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando no recaia na proposta económica máis vantaxosa.

- d) Certificación da entidade da concorrência ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade.
- e) Certificacións de estar ao corrente a entidade nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A data límite para presentar a xustificación correspondente á anualidade 2023 é o 11 de decembro de 2023 e á anualidade 2024, o 16 de setembro de 2024.

O importe dos pagos a conta non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización dos citados pagamentos a conta está exenta da constitución de garantías polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A achega da consellería minorarase en porcentaxe no caso de que a Cámara da Coruña non xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio. Por outra banda, a Cámara da Coruña queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Así mesmo, a Cámara da Coruña deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que se deriven da execución do plan formativo, adoptando as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá incluír en cada comunicación ou actuación relativa as actuacións previstas neste convenio o logo da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou das obrigas contidas nestas cláusulas, no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65 % do investimento subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do seu regulamento.

Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula primeira deste convenio.

As ditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- A Cámara da Coruña presta o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

NOVENA.- Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Na anualidade do 2023 quedan incluídas todas as accións desenvolvidas dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 11 de decembro de 2023 e na anualidade do 2024 as accións desenvolvidas dende o 12 de decembro de 2023 ata o 31 de xullo de 2024, sempre que se correspondan co obxecto deste convenio.

Non se contempla a posibilidade de prórroga.

DÉCIMA.- A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión de seguimento de composición paritaria que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A comisión de seguimento estará formada por dous representantes da consellería e dous representantes da Cámara da Coruña e estará presidida por un dos representantes da consellería.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMO SEGUNDA.- A modificación da distribución das actuacións previstas no presente convenio son circunstancias que poden dar lugar a unha modificación non substancial do convenio, que será aprobada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo previa proposta da comisión mixta de seguimento prevista na cláusula décimo primeira deste convenio, sempre que non supoñan un incremento na contía global prevista, respondan aos obxectivos sinalados na cláusula primeira do convenio e cumpran os requisitos da normativa, nacional e autonómica, en materia de subvencións.

Calquera outra modificación distinta das anteriores, proposta pola comisión mixta de seguimento, será realizada a través do mesmo procedemento que se seguiu para a elaboración deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO CUARTA.- Na execución do presente convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na demais normativa aplicable sobre protección de datos de carácter persoal e, especialmente, as obrigas de información e esixencia de consentimento expreso ás persoas interesadas para o tratamento e cesión dos seus datos coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento, execución e avaliación dos programas.

DÉCIMO QUINTA.- Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que queda

fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexerase, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndelle á consellería a prerrogativa de interpretación deste convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Consellería de Economía, Industria e
Innovación da Xunta de Galicia

Pola Cámara Oficial de Comercio
Industria, Servizos e Navegación da
Coruña

xxxxxxx

xxxxxxx

ANEXO

PLAN FORMATIVO DO SECTOR COMERCIAL 2023-2024

MODALIDADE: Teleformación

PÚBLICO OBXECTIVO AO QUE SE DIRIXE:

- Persoas traballadoras por conta allea e persoas autónomas, en activo, no sector comercial.
- Persoas traballadoras do sector do comercio en situación de desemprego (principalmente mozos/as e mulleres).
- Mulleres, persoas desempregadas de longa duración e maiores de 45 anos.

ORZAMENTO 2023

PILAR FORMATIVO	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
EMPRENDEMENTO E XESTIÓN COMERCIAL	233	216	42.359,40 €
TRANSFORMACIÓN DIXITAL	550	324	99.990,00 €
ACCIÓNS DE MARKETING, DIFUSIÓN E CAPTACIÓN ALUMNADO	-	-	12.100,00
TOTAL	783	540	154.449,40 €

ORZAMENTO 2024

PILAR FORMATIVO	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
ESTRATEGIA	345	270	103.626,00 €
PUNTO DE VENDA	135	108	24.543,00 €
SUSTENTABILIDADE	100	72	18.180,00 €
TOTAL	580	450	146.349,00 €

ANUALIDADE 2023 (PRAZO DE EXECUCIÓN: 2º semestre)

1. PILAR FORMATIVO: EMPRENDEMENTO E XESTIÓN COMERCIAL

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
EMPRENDEMENTO			
Constitución e Plan de Negocio Básico para o pequeno comercio	31	36	5.635,80 €
Xestión tesourería, medios de cobro e	25	36	4.545,00 €

pago no pequeno comercio			
Xestión fiscal, contable e laboral do pequeno comercio	17	36	3.090,60 €
XESTIÓN ADMINISTRATIVA			
ADGD043PO Contabilidade, administración e xestión	90	36	16.362,00 €
ADGG057PO Ofimática: aplicacións informáticas de xestión	50	36	9.090,00 €
SISTEMAS IT DE XESTIÓN INTERNA			
COMT071PO Tecnoloxías aplicadas á venda e atención ao cliente	20	36	3.636,00 €
TOTAL	233	216	42.359,40 €

2. PILAR FORMATIVO: TRANSFORMACIÓN DIXITAL

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
COMPETENCIAS DIXITAIS, FERRAMENTAS E TÉCNICAS			
IFCT050PO Xestión da seguridade informática na empresa	100	36	18.180,00 €
IFCT45 Competencias dixitais básicas	60	36	10.908,00 €
IFCT46 Competencias dixitais avanzadas	60	36	10.908,00 €
E-COMMERCE			
ADGG010PO Comercio electrónico	40	36	7.272,00 €
COMT099PO Tenda virtual: Prestashop	60	36	10.908,00 €
INTRODUCCIÓN A ECONOMÍA DIXITAL			
COMT035PO Facturación electrónica	80	36	14.544,00 €
IFCM012PO A firma dixital	20	36	3.636,00 €
MARKETING DIXITAL			
ADGD211PO Posicionamento en buscadores	30	36	5.454,00 €
ADGG075PO Social Media Marketing no comercio	100	36	18.180,00 €
TOTAL	550	324	99.990,00 €

ANUALIDADE 2024 (PRAZO DE EXECUCIÓN: 1º semestre)

1. PILAR FORMATIVO: ESTRATEXIA

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
ESTRATEXIA COMERCIAL			
ADGD050PO Control de queixas e reclamacións	20	36	3.636,00 €
COMM002PO Atención ao cliente e calidade do servizo	25	36	4.545,00 €

COMT051PO Habilidades comerciais	60	36	10.908,00 €
ESTRATEGIA DIXITAL			
ADGG017PO Desenvolvemento TIC para a fidelización e acción comercial. Gamificación	50	36	9.090,00 €
EXPANSIÓN COMERCIAL			
INGLÉS. Niveis A1, A2, B1, B2 (Desenvolvido por Oxford University Press) con exame multinivel Cambridge Linguaskills. Certificación incluída	150	90	68.175,00 €
RETAIL MARKETING			
COMM026PO Promocións comerciais no punto de venda	40	36	7.272,00 €
TOTAL	345	270	103.626,00 €

2. PILAR FORMATIVO: PUNTO DE VENDA

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
DESEÑO CORPORATIVO			
ARGG013PO Photoshop Avanzado	40	36	7.272,00 €
DESEÑO ESTABLECEMENTO			
EOCB004PO Interiorismo	75	36	13.635,00 €
LOXÍSTICA			
Xestión básica do almacén	20	36	3.636,00 €
TOTAL	135	108	24.543,00 €

3. PILAR FORMATIVO: SUSTENTABILIDADE

ACCIÓN FORMATIVA	HORAS	ALUMNOS/AS	CUSTO (IVE ENGADIDO)
EFICIENCIA ENERXÉTICA			
Eficiencia enerxética	50	36	9.090,00 €
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE			
Desenvolvemento sostible	50	36	9.090,00 €
TOTAL	100	72	18.180,00 €